



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación, en colaboración coas confederacións de empresarios das catro provincias e o Clúster Alimentario de Galicia, están organizando durante o mes de xullo **obradoiros de presentación das convocatorias de axuda Principia e InnovaPEME 2017**.

O obxectivo destes obradoiros é **explicar as principais novidades da segunda edición do Programa Principia**, para o fomento da empregabilidade do persoal en actividades de I+D+i , a través da súa contratación laboral, e dar a coñecer a **nova liña de axudas InnovaPEME**, para financiar as actividades integradas en Plans de Innovación, tanto para pemes como para micropemes.

Polo momento, están **confirmadas as seguintes datas e lugares para a celebración dos obradoiros**:

- **13/07/2017: A Coruña**, en colaboración coa Confederación de Empresarios da Coruña
- **17/07/2017: Vigo**, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Pontevedra
- **18/07/2017: Lugo**, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo
- **19/07/2017: Ourense**, en colaboración coa Confederación de Empresarios de Ourense
- **20/07/2017: Santiago de Compostela**, en colaboración co Clúster Alimentario de Galicia

O enfoque dos obradoiros será **fundamentalmente técnico**, explicando as características e requisitos de ambas convocatorias, resolvendo as dúbidas que

poidan xurdir e propiciando un espazo de networking para o contacto entre entidades. Tamén se ofrece a posibilidade de **manter reunións bilaterais** con persoal técnico de Gain, previa solicitude. Podes acceder a toda a información das xornadas na **sección Eventos da web de Gain**, así como novos obradoiros que poidan concretarse.

Cómpre destacar que o **programa InnovaPeme**, aprobado polo consello da Xunta o xoves pasado e con publicación no DOG nos vindeiros días, é un novidoso programa destinado a **fortalecer o posicionamento, a competitividade e a internacionalización das pemes galegas a través da mellora da súa capacidade innovadora**. As axudas, que poderán acadar os 150.000 euros a fondo perdido dependendo do tipo de empresa, terán unha intensidade do 50% do orzamento subvencionable das actividades incluídas nun Plan de Innovación. O orzamento total da convocatoria será de 5 millóns de euros, cofinanciados no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Pola súa banda, o **programa Principia** son axudas de 10.000 euros para a **contratación de persoal**, por un período mínimo dun ano, para realizar actividades de I+D+i, por parte de empresas e organismos de investigación. O orzamento total da convocatoria ascende a 1,1 millóns de euros ampliables. O prazo de solicitude permanece aberto ata o 24 de xullo de 2017. (DOG. Nº 118 do 22 de xuño de 2017).

Agardamos que esta información sexa do voso interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí .Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.

ESTAMOS EN REDES SOCIAIS
SÉGUENOS NAS TÚAS REDES FAVORITAS!

